

Piratas de terra

BD Unha historia que nos traslada á Galicia do século XIX para falarnos de corsarios, mais non só

O *burato do inferno* é a primeira novela gráfica que podemos ler nacida da unión entre o ilustrador Ramón Trigo e seu irmán Xosé Manuel, no guión, e que acaba de publicar a pontevedresa Factoría K. Porén, non é a primeira ocasión en que os irmáns traballan xuntos. A súa inédita *Kar-toffel* quedara xa finalista na anterior convocatoria do Premio Caste-lao de banda deseñada.

Nesta ocasión, a oportunidade de contar unha nova historia nace da existencia dun guión previo, pensado para cine, que nunca se chegou a realizar e que rematou sendo o xermolo destas páxinas. Tal vez esa sexa a razón pola que este libro se conta sen necesidade de moitas palabras, facendo que os trazos de lapis e carbón do ilustrador se empreguen a fondo e creen páxinas enteras nas que só os debuxos abundan. Dese empeño narrativo nace unha trama contada con axilidade, marcada pola atmosfera escura e ambiente esencialmente nocturno –ca-


racterísticas que o trazo de Ramón acentúan–e pola variedade de voces narrativas.

Estamos ante unha historia de piratas que case podería ser considerada un clásico, se non fose porque os piratas que nela se refiren non son aqueles que inundaban nin as páxinas de Salgari nin as pantallas de cine da nosa infancia. Neste álbum, os irmáns Trigo trasládannos á Galicia do século XIX para nos falar dos raqueiros, aqueles piratas de terra que a tradición sitúa en toda a costa occidental atlántica que, cos seus fachos acesos nos cantís, enganaban os barcos. Facíanos crer que seguían o rumbo correcto cando en realidade estaban sendo conducidos ás rochas da ribeira, onde remataban por encallar e eran saqueados.

Ambientado na costa fronteiriza entre Galicia e Portugal, en particular na Guarda, *O burato do inferno* toma como protagonista unha familia marcada pola piratería. A narración parte da última encomenda que un pai moribundo, coa inten-


O burato do inferno ·

Xosé Manuel Trigo,
Ramón Trigo (Il.) ·
Factoría K, 2010 ·
104 páx · 16 euros



ción de compensar o seu delituoso pasado, fai ao seu fillo resentido. Este sinxelo inicio lévanos a descubrir unha complexa trama asentada no enfrontamento entre o que un desexa facer e o que debe facer, entre o pai e o fillo, ou o que é o mesmo, entre un pasado difícil de compensar e un presente construído sobre remorso.

A través deste fío da encomenda, os autores fan non só un debuxo destes piratas, senón tamén do caciquismo, do estraperlo e dunha sociedade tan real como próxima. Esta proximidade é evidente se atendemos ás paisaxes que poboan as viñetas. Entre elas atoparemos múltiples espazos coñecidos, e re-



O burato do inferno // Ramón Trigo

coñecibles, como a illa de San Simón, o mesmo porto da Guarda ou as míticas Illas Ons, nas que Ramón

e Xosé Manuel Trigo sitúan a fuma que dá nome a esta historia de piratas atlánticos. // **María Lado**